

# 10 anos vivindo o patrimonio en Castrovverde

**O** ANO 2005 foi un ano inesquecible para os amantes da cultura das terras que noutrora ocuparon o antigo Condado de Chamoso. Despois de varias xuntanzas e actividades, un grupo de persoas, o 5 de novembro, animábase a constituír legalmente unha asociación para defender e divulgar o patrimonio dun dos concellos máis fermosos da provincia, Castrovverde. Xusto un mes antes, o 5 de outubro, outro grupo constituía no concello limítrofe a A.C. Arumes do Corgo cuns fins similares. Dende aquela, nunca o patrimonio natural, cultural e artístico de Castrovverde gozou dunha proxección tan grande e intensa que incluso se estende por toda a Península Ibérica grazas aos irmandamentos con outros Castro Verde/Castroverdes.

Foron dous anos previos de xun-

## TRIBUNA POLÍTICA

MARIO OUTEIRO



tanzas e sobre todo percorridos a pé, que é como mellor se liga co medio, polo concello de Castrovverde os que animaron a un grupo de persoas a darlle unha forma legal que perpetuase no tempo aquelas ansias de dar a coñecer ante o mundo o intenso patrimonio material e inmaterial dun concello que coma a maior parte dos da provincia se desangra paseniño. Dous anos para forxar un proxecto serio e sólido, con fondas raiceiras, preparado para afrontar retos

difíciles e longos, sabedores/as que son fill@s, de fill@s... dun pobo, o galego, afeito a resistir todo tipo de embates e inclemencias.

Ao longo desta década os Amigos do Patrimonio de Castrovverde ocuparon un relevante oco no campo asociativo galego destacando os innumerables roteiros por Castrovverde, e en xeral pola nación galega, as charlas divulgativas, as distintas publicacións divulgativas da historia e do patrimonio do concello, a sinalización de sendas, a defensa do Camiño Primitivo, as denuncias de agresións ao patrimonio... que non roubaron tempo para que na asociación tamén houbera espazo para o divertimento e a socialización. Relacións que non só mantiveron entre os socios de Castrovverde senón que ampliaron a todo o concello (CPI de Castrov-

de e outras asociacións) así como con outros grupos da contorna (O Corgo, Sarria...) e de máis lonxe (Ribadeo, Redes...).

10 anos dunha intensa xeira cultural interna nos que a asociación tivo tempo de participar activamente noutros proxectos comarcais como a fundación da Asociación Terras de Lugo, entidade encargada de xestionar os fondos Leader na comarca de Lugo, no que Castrovverde tivo, e ten aínda hoxe, un papel preponderante. Pero tamén colaborou activamente na Universidade Rural Galega, no Foro do Camiño Primitivo, entre outras moitas, consciente da forza que dá a unión de pequenas entidades locais para a perpetuar a nosa cultura e a nosa lingua.

E á fronte do barco, Manolo Muñiz, un titán a quen admiro profundamente. A súa humilda-

de dirá que el tan só é un máis, o que lle toca ocupar o 'posto' de presidente dentro do tecido administrativo asociativo, máis non é verdade. Todas as persoas que traballamos nese campo sabemos que sempre hai unha, ao sumo un reducido fado de persoas, que son capaces de facer grupo, moitas veces entre persoas do máis variado, de ilusionar, de tirar para adiante cando as cousas non saen tan ben como se tiña previsto, coa perseverancia no traballo como estrela na fronte. Sirva tamén este artigo como pequena homenaxe a Manolo e a todas as persoas que xunto a el formaron parte da familia dos amigos do Patrimonio de Castrovverde, desexando que estes dez anos se multipliquen no tempo para ben dos que aman a unha Galiza que no nacente de Lucus Agusti se chama Castrovverde.

O Progreso (8-01-2016)